



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 26 DE ABRIL DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Proxecto de Lei polo que se crea e regula o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se nomea a Luís Rodríguez Edrosa como novo delegado da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza na provincia de Lugo

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e Meniños, Fundación para a Infancia para a execución dun programa de integración familiar
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e a entidade Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector para o desenvolvemento do Proxecto Mentor, Programa de Incorporación de Menores Acolidos en Centros ao Mundo Laboral



CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, para a prestación de servizos de certificación de sinatura electrónica e outros servizos relativos á Administración electrónica

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello de Bergondo para a execución do proxecto construtivo: "vía de acceso ao centro de minusválidos de Bergondo desde a estrada AC-164"
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello de Cervantes para realizar as obras de pavimentación do camiño de conexión entre a casa do concello e o museo etnográfico

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autorizan compromisos de gastos de carácter plurianual, por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en relación coa convocatoria de bolsas de colaboración nos departamentos das universidades do Sistema Universitario de Galicia, no curso académico 2007-2008

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre as consellerías de Cultura e Deporte, Innovación e Industria, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e as universidades de Vigo, Santiago de Compostela e da Coruña, para a realización da preparación do inventario, salvagarda e posta en valor do patrimonio cultural inmaterial de Galicia

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, o Concello de Taboada, o Concello de Allariz e o Instituto Galego de Vivenda e Solo para a execución das obras de actuacións de



abastecemento na comunidade autónoma. Mellora do abastecemento de auga potable á Mancomunidade de Allariz-Taboadela, en Ourense

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, o Concello de Lourenzá e o Instituto Galego de Vivenda e Solo para a execución da obra de actuacións de saneamento na comunidade autónoma. Abastecemento de auga ao polígono industrial de Vilanova de Lourenzá (Lugo)
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Boiro para a obra de ampliación dun punto limpo, por importe de 159.700,56 euros
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello da Illa de Arousa para a obra de construción dun punto limpo, por importe de 213.243,26 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Pontecesures para a execución da obra: “Plan de saneamento. Melloras na estación depuradora de augas residuais en Pontecesures (Pontevedra)” por importe de 165.178,25 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Oroso para a execución da obra de actuacións de saneamento na bacía Galicia-Costa. Saneamento en Oroso. Deixebre e Trasmonte. Oroso (A Coruña” por importe de 670.222,56 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Guntín para a execución da obra: “Mellora do abastecemento nas bacías intercomunitarias. Abastecemento de auga a Mougán (2ª fase) e abastecemento a San Mamede e Lousada. Guntín (Lugo)” por importe de 300.000 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Vilagarcía de Arousa para a execución da obra: “Actuacións de abastecemento na comunidade autónoma. Melloras no abastecemento a Vilagarcía de Arousa. Vilagarcía de Arousa e Catoira (Pontevedra)”, por importe de 1.986.360,32 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Pontearreas para a execución das obras de actuacións de



abastecemento na comunidade autónoma. Saneamento en Xinzo, Areas e Arnoso. Fase 3. Ponteareas (Pontevedra), clave OH.336.688, por importe de setecentos dez mil seiscentos setenta e tres euros con oitenta e sete céntimos (710.673,87 €).

MOCIÓNS E PROPOSTAS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Declaración institucional da Xunta de Galicia con motivo do centenario do himno galego
- Declaración institucional da Xunta de Galicia con motivo do accidente de Valga

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica que adopten.

O GOBERNO GALEGO APROBA O PROXECTO DE LEI DO INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

- O obxectivo é contar cun instrumento que integre as distintas competencias en materia de seguridade e saúde laboral dispersas polas distintas consellerías
- O novo texto legal busca o desenvolvemento dunha acción participativa e aberta a todos os sectores aos cales atinxe a prevención de riscos laborais
- O proxecto de Lei foi o primeiro dos acordos asinados no proceso de Diálogo Social pola patronal, sindicatos e Administración autonómica
- Terá como principais actividades a elaboración de accións de fomento da prevención, asesoramento e control das accións técnico-preventivas, asistencia técnica a empresas, traballadores e asociacións en materia de prevención e coordinación das actividades de prevención promovidas pola Xunta

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o proxecto de Lei de creación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA). Pasa a trámite parlamentario, polo tanto, un dos textos legislativos que o Goberno galego se marcou como obxectivo para o presente exercicio, dado que aborda unha das cuestións demandadas historicamente polos axentes sociais do país.

De feito, o devandito proxecto de lei foi o primeiro dos acordos asinados no proceso de Diálogo Social pola patronal, os sindicatos e a Administración autonómica. En virtude deste novo texto legal, o ISSGA configúrase como un organismo autónomo con personalidade xurídica propia, autonomía funcional e plena capacidade de obrar, que ten por obxectivo a mellora das condicións de traballo para a eliminación ou redución en orixe dos riscos inherentes ao traballo.

Así mesmo, o proxecto de lei busca impulsar a acción do Instituto mediante a ampliación dos seus fins e funcións, o que implica o incremento dos seus medios e a especialización do seu persoal. A finalidade será a xestión e coordinación das políticas que se leven a cabo en materia de seguridade, hixiene e saúde laboral. Trátase, pois, de contar cun instrumento que integre as competencias en materia de seguridade e saúde laboral dispersas nas distintas consellerías, co obxectivo de que desde este órgano se articule un proceso participativo e aberto a todos os sectores aos cales atinxe a prevención.

A creación do ISSGA resulta de especial importancia, posto que xa en 2004 houbo un intento de creación dun instituto de seguridade e saúde laboral que un ano despois foi desbotado. O organismo creado daquela non tiña autonomía nin personalidade xurídica propia, e deseñaba unha estrutura orgánica que xeraba duplicidade de titularidades, tanto de carácter orgánico como funcional.

Ámbito de actuación

O proxecto de Lei polo que se crea o ISSGA configura este órgano como unha entidade autónoma de carácter administrativo da Xunta, adscrita á Consellería de Traballo, que estenderá a súa actuación a todas as empresas e a todos os traballadores e traballadoras de Galicia. Inclúe de forma específica as cooperativas de traballo asociado e as demais cooperativas, en relación aos seus socios de traballo.

Así mesmo, levará a cabo actividades de promoción da prevención de riscos laborais dirixidas aos traballadores por conta propia e ao conxunto da poboación.

Obxectivos

O Instituto encargarase da xestión e coordinación das políticas que en materia de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da comunidade autónoma, para a mellora das condicións de traballo, co obxecto de eliminar ou reducir en orixe os riscos inherentes ao traballo.

Para iso, o ISSGA abordará as seguintes actividades:

- Accións de fomento da prevención
- Asesoramento e control das accións técnico-preventivas
- Asesoramento e asistencia técnica ás empresas, traballadores e asociacións para o cumprimento da normativa de prevención
- Seguimento e coordinación das accións de prevención promovidas polos distintos departamentos da Xunta
- Fomento da prevención a través do ensino regrado e non regrado

No relativo ás funcións, os obxectivos serán:

1. Analizar as causas e factores determinantes dos riscos laborais e das enfermidades profesionais
2. Coñecer, elaborar e difundir informes sobre sinistralidade laboral
3. Elaborar, promover e desenvolver programas de investigación sobre riscos laborais
4. Promover a efectividade do principio de igualdade entre homes e mulleres o respecto da prevención
5. Prestar asesoramento para a elaboración e reforma de normativa en materia de seguridade e saúde no traballo
6. Colaborar coa autoridade laboral, coa Inspección de Traballo e coas autoridades xudiciais que o demanden
7. Realizar plans e cursos de formación e información
8. Promocionar as actividades desenvolvidas neste eido por empresarios e traballadores
9. Estudar as condicións de traballo que poidan resultar insalubres para as mulleres en período de embarazo ou lactación

10. Programar controis xerais e sectoriais sobre niveis de seguridade e hixiene nas empresas
11. Realizar estudos sobre postos, locais e centros de traballo, así como sobre materias primas e produtos intermedios e finais
12. Avaliar o funcionamento dos departamentos técnicos das empresas dedicados a seguridade e saúde laboral
13. Realizar informes técnicos para a acreditación ou autorización de servizos de prevención alleos
14. Participar na vixilancia epidemiolóxica da saúde laboral
15. Colaborar coa consellería competente en materia de seguridade industrial e minaría o respecto da prevención de riscos
16. Colaborar coa autoridade educativa para a implantación en todos os ciclos de formación sobre prevención
17. Colaborar coa Inspección de Traballo e Seguridade Social

Estrutura organizativa

O futuro Instituto de Seguridade e Saúde Laboral contará cun director ou directora, con categoría de director xeral, que será nomeado por decreto da Xunta de Galicia por proposta do conselleiro competente en materia de traballo, logo de consulta ao Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

O organismo contará ademais cunha comisión de goberno. Estará integrada polo director ou directora xeral responsable en materia de Relacións Laborais e que exercerá a presidencia. Ademais incluirá 11 membros, 5 en representación da Administración e 6 en representación dos axentes sociais e empresariais.

Entre os membros da Administración figurarán 2 en representación das consellerías con competencias en materia de sanidade e de industria, tamén con nivel de directores xerais, que exercerán as vicepresidencias da comisión de goberno. Polo que respecta aos restantes membros, 3 serán designados pola patronal e outros 3 polas organizacións sindicais máis representativas.

A comisión de goberno terá como misión o establecemento dos criterios e das liñas xerais de actuación en materia de seguridade e saúde laboral, e a aprobación do plan anual de actividades.

Por outra banda, cómpre destacar que o ISSGA contará con órganos de ámbito territorial provincial para o desenvolvemento das súas xestións. Así, os actuais centros provinciais de Seguridade e Saúde Laboral pasarán a integrarse na estrutura do Instituto.



O ISSGA organizará o seu labor en torno a 7 áreas de actuación: seguridade no traballo; hixiene industrial; ergonomía; psicosocioloxía aplicada; formación, divulgación e documentación; medicina do traballo e epidemioloxía; e estudos.

O GOBERNO GALEGO REGULA A INTEGRACIÓN NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DO PERSOAL LABORAL DAS FUNDACIÓNS SANITARIAS PÚBLICAS

- Máis de 1.200 traballadores e traballadoras poderán pasar a formar parte do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, o que supón importantes melloras tanto para o persoal como para a asistencia sanitaria
- Culmínase así un longo proceso que procurará a homoxeneidade necesaria no sistema e que redundará na calidade da asistencia
- Este decreto supón un camiño de retorno á xestión pública dos recursos humanos da sanidade galega

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o Decreto de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade. O contido e estrutura deste texto consta de Preámbulo, 11 artigos, 10 disposicións transitorias, dúas disposicións derradeiras e a táboa de homologacións, nos que se establecen as bases ás que se suxeitarán os procesos que articulen a integración no réxime estatutario do persoal laboral das fundacións sanitarias públicas galegas.

Este é un chanzo máis no cumprimento do compromiso deste Goberno de integrar as fundacións no Servizo Galego de Saúde, logo do saneamento da súa débeda. Logo da integración do persoal só restará o cambio xurídico das fundacións.

O proceso de integración parte da expresión da vontade do traballador ou traballadora de incorporarse ao réxime estatutario. Ademais, a homologación producirase nas condicións de traballo de réxime estatutario, de forma que os traballadores e traballadoras pasarán a participar dos dereitos e deberes do persoal estatutario en condicións de homoxeneidade.

O decreto posibilita a circulación e mobilidade dos profesionais entre as institucións do sistema sanitario de Galicia, promovendo o intercambio da bagaxe e a experiencia profesional, o achegamento ao lugar de residencia, ou a conciliación da vida laboral e familiar.

Do mesmo xeito, o decreto recolle a promoción e acceso á carreira profesional en igualdade de condición para os traballadores e traballadoras das institucións do sistema sanitario de Galicia que se acollan ao réxime estatutario.

Este decreto, que supón un camiño de retorno á xestión pública dos recursos humanos da Sanidade pública galega, afecta máis de 1.200 traballadores laborais fixos das fundacións públicas. Estes traballadores e traballadoras poderán pasar a ser persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, o que supón unhas importantes

melloras tanto para o persoal como para a asistencia sanitaria; e procurará a homoxeneidade necesaria no sistema, que redundará na calidade da asistencia.

Agora que conta coa aprobación definitiva polo Consello da Xunta, a norma será publicada no Diario Oficial de Galicia e entrará en vigor. Nese momento procederase á negociación formal con cada un dos oito comités de empresa das entidades afectadas e á publicación das correspondentes ordes polas que se abrirán os prazos para que os profesionais poidan optar voluntariamente por integrarse no réxime estatutario se así o desexan.

Todos estes trámites son obrigatorios e forman parte do procedemento vixente en materia de emisión de normas regulamentarias e disposicións de carácter xeral.

Longo proceso

A progresiva homologación dos traballadores e traballadoras das fundacións co resto do persoal do Servizo Galego de Saúde que hoxe culmina supuxo un longo proceso desde que Galicia creou estas institucións que foron adscritas á Consellería de Sanidade para xestionar funcións e prestacións sanitarias baixo a forma xurídica de empresas públicas e fundacións.

Na súa maioría transformáronse nas fundacións sanitarias hoxe coñecidas, que foron dotadas de personalidade xurídica propia. Como consecuencia da autonomía de xestión de que gozaban estas institucións, existía unha diversidade no réxime de funcionamento, configuración de cadros de persoal e réxime de condicións laborais.

O 22 de abril de 2002 asinouse o primeiro convenio colectivo para o persoal laboral do sector sanitario de Galicia, xestionado por fundacións públicas sanitarias ou empresas públicas. Este convenio unificaba o réxime de condicións de traballo do persoal do sector sanitario público de Galicia establecendo un marco común de condicións laborais.

Posteriormente, o 21 de marzo de 2005 asinouse o segundo convenio colectivo, que estreitou as diferenzas relativas ás condicións de traballo entre o persoal do sector e o persoal estatutario das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Na data de sinatura deste último convenio, xa fora promulgada a Lei 55/2003 do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, que recolle que as administracións sanitarias públicas poderán establecer procedementos para a integración directa, con carácter voluntario, na condición de persoal estatutario, na categoría e titulación equivalente de quen preste servizos en tales centros.

Posteriormente, a Lei 14/2004 de medidas tributarias e réxime administrativo, autorizou o Consello da Xunta, dentro das disponibilidades orzamentarias existentes,



a adoptar as medidas para a progresiva integración no réxime estatutario do persoal das fundacións públicas sanitarias constituídas pola comunidade autónoma e das sociedades públicas autonómicas do sector sanitario.

Este decreto atinxe aos empregados e empregadas fixos dos hospitais Virxe da Xunqueira, de Cee; da Barbanza, en Ribeira; de Verín, e do Salnés, en Vilagarcía de Arousa. Tamén inclúe os traballadores e traballadoras da Fundación Pública Galega Medicina Xenómica; Fundación Centro de Transfusión de Galicia; Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061; Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria, e do Instituto Galego de Medicina Técnica, Medtec.

O PROGRAMA MENTOR, CUN INVESTIMENTO SUPERIOR AO MILLÓN DE EUROS, TRABALLARÁ NA INSERCIÓN LABORAL DE MENORES EN RISCO DE EXCLUSIÓN

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector
- O proxecto dirixe o seu labor a mozos e mozas de entre 16 e 21 anos ameazados de exclusión social que estean acollidos nos centros de menores de Galicia

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES) para o desenvolvemento do Proxecto Mentor. Este programa, ao que a Xunta destina no 2007 un total de 1.050.853 euros (financiados nun 80% polo Fondo Social Europeo), trata de proporcionar formación e acompañamento á inserción sociolaboral dos mozos e mozas en situación de tutela, garda ou acollidos a outros recursos dependentes da Secretaría Xeral do Benestar, co fin de que poidan acadar unha integración plena, facilitándolles o tránsito á vida independente.

O programa dirixe o seu labor a mozos e mozas de entre 16 e 21 anos, ameazados de exclusión social, que estean acollidos nos centros de menores de Galicia, a aqueles que abandonaron o centro para a súa reintegración familiar e aos que estean baixo medida xudicial que permita realizar un proceso de inserción laboral. A iniciativa dá preferencia a aqueles que non estean realizando formación regrada, aos que precisen desenvolver a súa vida de xeito independente da súa propia familia pola ausencia desta ou por estar desaconsellada a súa integración familiar, e a aqueles que, aínda que se poidan integrar nos seus fogares, as súas necesidades formativas ou laborais non sexan satisfeitas neste ámbito.

Os obxectivos son a promoción sociolaboral destes rapaces e rapazas, reforzando e mellorando o sistema de integración formativo e laboral. Por medio do Programa Mentor créanse estruturas axeitadas para a formación, emprego e seguimento dos mozos e mozas, así como os recursos necesarios para o seu mantemento. Trátase de prover os beneficiarios desta iniciativa das estratexias suficientes para acceder ao mercado de traballo e manterse nel a través da formación, o desenvolvemento de habilidades interpersoais, ou o asesoramento en materia de requisitos legais entre outros. Por outra banda, o Mentor contribúe á preparación destes rapaces para á vida independente, poñendo á súa disposición vivendas tuteladas. Para o seu desenvolvemento, o IGAXES contará cun equipo formado por un mínimo de 20 técnicos.



O Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector é unha entidade que ten entre os seus fins prioritarios o deseño, supervisión e execución de programas dirixidos á atención de colectivos en risco de exclusión social, especialmente no eido da xuventude e a infancia.



A XUNTA E A FUNDACIÓN MENIÑOS DESENVOLVEN INICIATIVAS DE INTEGRACIÓN FAMILIAR PARA EVITAR A SEPARACIÓN DOS MENORES EN RISCO DO SEU ÁMBITO

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre as dúas entidades, ao que o departamento autonómico achega 218.433 euros

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e “Meniños, Fundación para a Infancia” para desenvolver conxuntamente o programa de integración familiar nas catro provincias galegas. A través desta iniciativa lévase a cabo unha intervención integral e multidisciplinar coas familias e cos menores acollidos en centros ou en situación de risco. A Xunta inviste 218.433 euros neste programa, dos que 72.321 corresponden á achega do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, e a Fundación Meniños achega 165.000 euros.

O programa ten como finalidade corrixir os déficits existentes nas familias, de maneira que se garanta o desenvolvemento integral dos menores e a cobertura das súas necesidades básicas por parte dos pais e nais. Así, traballarase, dunha banda, na reunificación familiar con aquelas familias que teñan menores en centros de acollida. O obxectivo será, neste caso, mellorar a situación sociofamiliar dos menores atendidos, intervindo directamente nos seus núcleos familiares de referencia para favorecer así un eficaz desinternamento. Por outra banda, o programa ten como obxectivo a preservación familiar con aquelas familias que teñan menores en situación de risco. Preténdense, nestes casos, potenciar os recursos desas familias para evitar a separación do menor do seu ámbito familiar.

O programa de Integración Familiar contribúe, así mesmo, a un coñecemento a nivel teórico máis preciso das situacións sociofamiliares dos menores acollidos en centros e das estratexias preventivas máis axeitadas para cada caso. No presente ano, consolídase no marco desta colaboración unha liña de estudos e investigación, que prevé a introdución plena das tecnoloxías da información e da comunicación na intervención familiar, a innovación nos procedementos de actuación, e que ten en conta a sinerxía que poden xerar estas accións. Así, elaboraranse tamén procedementos de calidade na área de intervención familiar, e porase en marcha unha base de datos específica.



A XUNTA ACHEGARÁ 219.000 EUROS Á FÁBRICA DE MOEDA PARA A PRESTACIÓN DE DISTINTOS SERVIZOS QUE PERMITIRÁN AVANZAR NA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

- Así o recolle un convenio cuxa sinatura autorizou hoxe o Consello da Xunta e ao que se poderán incorporar as deputacións provinciais
- Servirá para certificar a sinatura electrónica que poderán utilizar os cidadáns a través da e-administración facilitando as súas tramitacións
- Os certificados que expida a Fábrica de Moeda serán válidos nas administracións públicas do Estado
- A Xunta deberá crear unha Rede de Oficinas de Acreditación na cal se obterán os ditos certificados electrónicos

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe, na súa xuntanza semanal, a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre – Real Casa da Moeda (FNMT-RCM) para facilitarles aos cidadáns as relacións administrativas coa Administración autonómica a través de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos. Deste xeito, a Fábrica de Moeda e Timbre prestará os servizos de certificación da sinatura electrónica e outros servizos relativos á Administración electrónica por importe de 219.108 euros. En concreto, en 2007, achegaranse 146.072 euros e en 2008, 73.036 euros. Ademais, poderán adherirse ou incorporarse a este convenio calquera das catro deputacións provinciais galegas.

O obxecto deste convenio será a prestación, por parte da FNMT-RCM, dos servizos técnicos, administrativos e de seguridade necesarios para garantir, no ámbito da Xunta de Galicia, a seguridade, validez e eficacia da emisión e recepción de comunicacións e documentos a través de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT). Deste xeito, a Administración autonómica avanza cara á implantación da Administración electrónica, que facilitará as tramitacións e axilizará os trámites que realicen os cidadáns nas súas relacións coa Administración galega.

Segundo establece a normativa vixente, correspóndelle a FNMT-RCM a prestación de servizos EIT ás persoas que teñan a condición de usuario nas súas relacións xurídicas coas Administracións públicas e, de ser o caso, no ámbito privado coas empresas que admitan a súa utilización nos seus rexistros, procedementos e trámites. Polo tanto, os certificados (títulos de usuario) que expida a FNMT-RCM no ámbito público de actuación poderán ser utilizados polos usuarios nas súas relacións coa Administración galega, entre outras. Deste xeito, a Xunta de Galicia deberá asumir a universalidade deles.

Obrigas das partes

Dunha banda, a Administración galega deberá dispor dunha Rede de Oficinas de Acreditación que se integrarán na Rede de Oficinas de Acreditación da Fábrica ás cales os cidadáns se poden dirixir para obter un certificado electrónico. Deberán contar cos medios informáticos precisos para conectarse telematicamente á FNMT-RCM. Nestas oficinas a acreditación e identificación dos solicitantes dos certificados exixirá a comprobación da súa identidade e a súa vontade de que sexa expedido un certificado electrónico.

Outras das obrigas da Xunta de Galicia serán: a emisión cando proceda do recibo de presentación onde se faga constancia da data e hora de recepción das comunicacións recibidas; a conservación da notificación, comunicación ou documentación emitida e recibida nas transaccións durante o tempo pertinente; cifrar as comunicacións emitidas e recibidas; realizar as actividades de identificación previa á obtención do certificado electrónico e de comprobación da identidade en calidade de Oficina de Acreditación da FNMT-RCM.

Doutra banda, a FNMT-RCM deberá achegar a infraestrutura técnica e organizativa necesaria, prestar a asistencia técnica para facilitar á Xunta de Galicia o bo funcionamento dos sistemas e actualizalos tecnoloxicamente; achegar os dereitos de propiedade industrial e organizativa; emitir selos de tempo nas comunicacións EIT e achegar a tecnoloxía precisa para a constitución das oficinas de acreditación e a tramitación de solicitudes de emisión de certificados electrónicos.

Posibilidade de incorporación das deputacións provinciais

Este convenio recolle a posibilidade de que, durante a súa vixencia, se poidan incorporar, xuntas ou por separado, as deputacións da Coruña, Ourense, Lugo e Pontevedra. Deberán facelo xunto cos concellos das súas demarcacións territoriais con menos de 50.000 habitantes, formalizando coa Xunta de Galicia e a FNMT-RCM, unha addenda que formará parte deste documento.

Comisión de seguimento

A comisión encargada do seguimento, control e supervisión das incidencias que poidan xurdir no seu cumprimento estará formada por un representante da Xunta de Galicia (o director xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas), un representante da FNMT-RCM (director do Departamento Ceres) e, de ser o caso, un representante de cada unha das deputacións provinciais que se adhiran a este convenio.



POLÍTICA TERRITORIAL FINANCIA CON 252.500 EUROS A PAVIMENTACIÓN DE RÚAS NO CONCELLO DE CERVANTES

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes financia con 252.500 euros as obras de pavimentación das vías perimetrais entre a Casa do Concello de Cervantes e o Museo Etnográfico.

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello de Cervantes para unha actuación de mellora urbanística no citado contorno que ten zonas sen pavimentar e outras con pavimentos deficientes de formigón.

A actuación da consellería consistirá na colocación dun pavimento pétreo acorde co contorno e coa finalidade peonil que se pretende. A intervención afecta unha superficie de preto de 1.000 metros cadrados, onde se manterá o trazado das actuais vías.

Segundo o convenio autorizado, levantarase o actual pavimento, realizaranse gabias para albergar as instalacións de saneamento, abastecemento de auga potable e electricidade e colocarse un pavimento novo de lousa do país. Así mesmo, dotarase de luz pública o traxecto ata o Museo Etnográfico, realizarase unha beirarrúa na intersección das vías coa estrada provincial e colocaranse parterres elevados para a futura realización de traballos de xardinaría.

Ademais de achegar o financiamento necesario, a Consellería de Política Territorial encárgase da contratación, execución, dirección e recepción das obras.

Pola súa banda, o Concello de Cervantes deberá tramitar os permisos, licenzas e autorizacións necesarias para a execución das obras e, unha vez rematadas, encargarse da explotación, mantemento e conservación da zona.

Esta actuación enmárcanse dentro da colaboración entre a Consellería de Política Territorial e as entidades locais para a mellora de contornos urbanos e de núcleos e ámbitos concretos mediante a dotación de equipamentos de carácter social e de uso colectivo.

POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 536.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUNHA VÍA DE ACCESO AO CENTRO DE MINUSVÁLIDOS DE BERGONDO

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 536.000 euros na construción dunha nova vía de acceso ao Centro de Minusválidos de Bergondo desde a estrada AC-164. Desta contía global, 386.000 euros destínanse á realización das obras e os 150.000 euros restantes ao pagamento das expropiacións necesarias.

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello de Bergondo que ten por obxecto a execución desta obra que, unha vez rematada, resolverá a problemática da falta de accesos a este centro e contribuirá a garantir a seguranza viaria na zona.

Ademais de achegar o financiamento necesario, a Consellería de Política Territorial encárgase da contratación, execución, dirección e recepción das obras.

Pola súa banda, o Concello de Bergondo deberá tramitar as modificacións necesarias no planeamento municipal de tal xeito que a súa normativa urbanística prevexa a nova vía e a recolla no futuro planeamento. Así mesmo, deberá obter os permisos, licenzas e autorizacións necesarias para a execución das obras.

Unha vez rematada, a titularidade desta nova estrada será transferida ao Concello de Bergondo, polo que se integrará na rede de vías municipais e será a Administración local a encargada da súa explotación, mantemento e conservación.

EDUCACIÓN DESTINA 126.000 EUROS PARA FINANCIAR 40 BOLSAS DE COLABORACIÓN NOS DEPARTAMENTOS DAS UNIVERSIDADES GALEGAS

- A duración máxima destas bolsas será de nove meses comprendidos entre o 1º de outubro de 2007 e o 30 de xuño de 2008
- Estas axudas, que teñen como obxectivo iniciarse en tarefas de docencia e de investigación directamente vinculadas cos seus estudos, son compatibles co desfrute de calquera outro tipo de bolsas ou axudas

O Consello da Xunta autorizou esta mañá os compromisos de gastos de carácter plurianual por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que derivan da convocatoria de bolsas de colaboración nos departamentos das universidades do Sistema Universitario de Galicia. A Administración educativa destina 126.000 euros a esta acción. Deste total, 42.000 distribuiranse en 2007, e os 84.000 restantes en 2008.

En total, Educación convoca 40 bolsas de colaboración para o curso académico 2007-2008, destinadas ás alumnas e alumnos do último curso de ensinanzas universitarias, co obxectivo de iniciarse en tarefas de docencia e de investigación directamente vinculadas cos seus estudos. A contía a percibir por beneficiario será de 350 euros mensuais.

As actividades para as que se solicita a axuda serán realizadas durante o curso académico 2007-2008. A duración máxima destas bolsas será de nove meses comprendidos entre o 1º de outubro de 2007 e o 30 de xuño de 2008. Os solicitantes non poderán estar en posesión ou en disposición legal de obter o título académico de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto; e deberán estar matriculados no curso 2007-2008 en calquera das tres universidades galegas, no último curso do 2º ciclo, ou na totalidade das materias ou créditos que lle resten para rematar os seus estudos, excluindo do cómputo o proxecto fin de carreira, e ter superado no momento da formalización da matrícula do curso 2007-2008 o primeiro ciclo, e o 45 por cento dos créditos que integran o segundo, coa excepción do alumnado de medicina, que deberá ter superado o 60%.

Así mesmo, terán que presentar un proxecto de colaboración, e ter unha nota media simple no seu expediente académico igual ou superior a 1,80. Estas axudas son compatibles co desfrute de calquera outro tipo de bolsas ou axudas, tanto de institucións públicas como privadas, agás con aquelas que teñan a mesma finalidade.

As solicitudes presentadas serán clasificadas segundo titulacións ou bloques de titulacións semellantes pertencentes a unha mesma área ou ámbito científico:



ciencias experimentais, ciencias da saúde, ciencias sociais e xurídicas, ensinanzas técnicas e humanidades. A selección realizaraa unha comisión avaliadora tendo en conta a nota media do expediente académico, distribuindo as bolsas proporcionalmente ao número de solicitudes presentadas, admitidas e clasificadas segundo as áreas de coñecemento, entre os alumnos e alumnas con mellor media de expediente académico.

Os beneficiarios deberán prestar a súa colaboración no departamento correspondente, cunha dedicación mínima de 7 horas semanais e máxima de 15 horas. Ademais, unha vez rematado o período de desfrute da bolsa remitirán á Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG) unha memoria-informe sobre o cumprimento das actividades desenvolvidas.



AS CONSELLERÍAS DE CULTURA E DE INNOVACIÓN, A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E AS TRES UNIVERSIDADES COLABORAN PARA POÑER EN VALOR O PATRIMONIO INMATERIAL

- A Consellería de Cultura porá máis da metade dos 255.000 euros que se investirán no proxecto
- Os equipos de traballo realizarán un inventario sistemático do patrimonio inmaterial e porán en marcha actuacións de promoción
- O patrimonio inmaterial recolle as tradicións e expresións orais, rituais e actos festivos, técnicas artesanais tradicionais e coñecementos e usos relacionados coa natureza

As consellerías de Cultura e Deporte e de Innovación e Industria, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e as universidades de Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña participan nun proxecto para realizar o inventario, salvagarda e posta en valor do patrimonio cultural inmaterial galego. O convenio de colaboración, valorado en 255.000 euros, foi aprobado esta mañá polo Consello da Xunta de Galicia.

Cultura participa con 150.000 euros, Innovación con 75.000 euros e Agader achega 30.000 euros. Pola súa banda, as universidades encargaranse da planificación e execución do proxecto. Este comezará cun inventario sistemático do conxunto do patrimonio inmaterial do noso país. Posteriormente, deseñarase e executarase un ambicioso programa de recuperación e promoción do patrimonio inmaterial que se levará a cabo durante os cinco anos que terá de duración o proxecto. Tratarase de medidas para dar a coñecer a riqueza deste patrimonio e, ao tempo, para darlle novos azos creando actividades que sirvan como focos de progreso turístico e económico.

O patrimonio inmaterial que será obxectivo deste proxecto é o pertencente á cultura tradicional galega: tradicións e expresións orais, rituais e actos festivos, técnicas artesanais tradicionais e coñecementos e usos relacionados coa natureza. Aquí entran as tradicións mariñeiras, os saberes relacionados coas actividades agrarias e gandeiras, a medicina tradicional ou as crenzas e lendas.

MEDIO AMBIENTE, O IGVS E OS CONCELLOS OURENSÁNS DE ALLARIZ E TABOADELA INVESTIRÁN 3,6 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DO ABASTECIMENTO DE AUGA A AMBOS OS MUNICIPIOS

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e os concellos de Allariz e Taboadela para executar o proxecto
- As obras serán financiadas nun 30% pola Empresa Pública de Servizos Hidráulicos (EPOSH) e nun 50% polo IGVS, mentres que cada un dos concellos ahogará un 10% do orzamento

A Consellería de Medio Ambiente e o Instituto Galego de Vivenda e Solo colaborarán cos concellos ourensáns de Taboadela e Allariz para realizar a mellora do abastecemento de auga en ambos os municipios; un proxecto que contará cun investimento de 3.600.000 euros, unha vez que o Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración que permitirá o desenvolvemento das obras.

A Consellería de Medio Ambiente, a través da EPOSH, farase cargo do 30% do financiamento, o que supón un investimento de 1.080.000 euros que estará distribuído nunha primeira anualidade de 500.000 euros con cargo aos orzamentos deste ano e outra de 580.000 euros con cargo aos de 2008. Pola súa parte, o IGVS asumirá o 50% do custo do proxecto, cunha achega de 1.800.000 euros que se repartirá entre os anos 2007, 2008 e 2009 cun orzamento de 700.000, 600.000 e 500.000 euros respectivamente.

Os concellos de Allariz e Taboadela asumirán, cada un deles, o 10% do custo do proxecto, cun investimento de 360.000 euros. O Concello de Taboadela repartirá o gasto entre os anos 2007 e 2009 cunha achega de 91.724 euros o primeiro ano, 120.000 euros o segundo e 148.000 euros o terceiro, mentres que o Concello de Allariz investirá 30.000 euros con cargo aos orzamentos deste ano, 200.000 euros en 2008 e 130.000 euros en 2009.

Nas melloras do abastecemento en Allariz consistirán na execución dunha estación de bombeo para un caudal de 32 litros por segundo que impulsará a auga desde o depósito existente en Roimelo; así como a construción dun depósito con capacidade de 2.000 metros cúbicos que se instalará xunto ao actual. Tamén se renovará a rede principal de Allariz, desde o depósito de distribución ata o cruzamento da estrada OU-320, mediante a instalación de 660 metros de tubo de PVC de 400 milímetros de diámetro. Desde este punto colocaranse 1.500 metros máis de tubo ata alcanzar a zona de Portovello, co fin de dotala do caudal de auga necesario.



O proxecto tamén prevé melloras na estación de tratamento de auga, coa renovación do grupo de bombeo que leva a auga desde o río Arnoia, a substitución do equipamento de cloración, a instalación dun novo centro de transformación e o pavimentado do camiño de acceso.

No concello de Taboadela está previsto executar a rede xeral de abastecemento ata o futuro parque empresarial, cunha lonxitude de conducción de 4.650 metros. Así mesmo, executarase unha nova estación de tratamento de auga (ETAP) no núcleo de Coiño.



A XUNTA APROBA O INVESTIMENTO DE 3,3 MILLÓNS DE EUROS PARA MELLORAR O SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

- O proxecto será financiado nun 60% pola Consellería de Medio Ambiente, a través da Administración hidráulica, mentres que o concello achegará o 40% restante
- A actuación permitirá dotar a localidade de fontes de subministración con capacidade suficiente para garantir o abastecemento de auga aos veciños

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, en colaboración co Concello de Vilagarcía de Arousa, vai acometer o proxecto de mellora do abastecemento a esta localidade pontevedresa. Deste xeito, dedde a Administración hidráulica perséguese dotar a localidade de fontes de subministración con capacidade suficiente para garantir o abastecemento de auga aos veciños.

A actuación ten por obxecto a construción dun tubo de reforzo de subministración de auga e a ampliación de capacidade de dous treitos de conexión de bombeo de Baión e a Estación de Tratamento de Auga Potable (Etap) de Trabanca. A execución desta obra suporá un investimento de 3.310.600,54 euros, contía que será financiada nun 60% pola Administración hidráulica (que achegará 1.986.360,32 euros) e polo Concello de Vilagarcía de Arousa, que aportará 1.324.240, 22 euros, é dicir, o corenta por cento restante.

O proxecto, que conta con 12 meses para a realización dos traballos, consistirá na conexión coa rede do río Ulla, mediante a construción dun tubo de 7.500 metros. Esta tubaxe seguirá o trazado da estrada que une o núcleo de Vilar coa parroquia do Oeste, pertencente ao concello de Catoira, ata o núcleo das Rañas. Así mesmo, ampliarase a capacidade de dous treitos de conexión de Baión e a Estación de Tratamento de Auga Potable (Etap).



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DESTINARÁ 300.000 EUROS A OBRAS DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN VARIAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

- Os traballos contan cun prazo de execución de catro meses e beneficiarán os núcleos de Mougán, San Mamede e Lousada

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 300.000 euros a obras de abastecemento de auga nas parroquias de Mougán, San Mamede e Lousada, no concello lucense de Guntín. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e financeira entre a Administración autonómica e a local para realizar este proxecto.

O prazo de execución das obras é de catro meses, e estas consistirán na segunda fase do abastecemento a Mougán, as obras para completar a estación de tratamento e abastecemento de auga (ETAP) en San Mamede, e o abastecemento á parroquia de Lousadela.

A ETAP de San Mamede conta xa cun edificio de explotación, un pozo de auga bruta e un depósito de auga tratada, polo que a se obra completará coa instalación de bombas dosificadoras, medidores de caudal, colocación de filtros e do equipo para o funcionamento da ETAP. Así mesmo, instalaranse dúas bombas e un tubo de impulsión para levar a auga, xunto a un depósito de formigón de 80 metros cúbicos de capacidade desde o que se abastecerán os núcleos de San Mamede e Cancela de Sixaos, ao tempo que se completará a rede de distribución en Lousada, que afectará os barrios de Eirexe, Lousada de Abaixo e Pista de Castelo.

O proxecto tamén prevé a segunda fase do abastecemento en Mougán, que consistirá na instalación dun tubo que levará a auga desde o depósito desta parroquia ata o núcleo de Chao do Monte, así como a construción dun depósito de almacenamento de auga en Lousadela, cunha capacidade de 80 metros cúbicos, e a mellora da captación existente.

O PROXECTO DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO AO POLÍGONO INDUSTRIAL DE VILANOVA DE LOURENZÁ CONTARÁ COA COLABORACIÓN DAS CONSELLERÍAS DE MEDIO AMBIENTE E VIVENDA

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Lourenzá para executar o proxecto
- A obra ten un custo total de 215.106 euros, dos cales a Consellería de Medio Ambiente achegará 149.106 euros a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), mentres que o Concello de Lourenzá investirá 21.000 euros e o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) 45.000 euros

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o IGVS e o concello lucense de Lourenzá acometerán o proxecto de abastecemento de auga ao polígono industrial de Vilanova de Lourenzá, despois de que o Consello da Xunta autorizase hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre os tres organismos para acometer este proxecto, no marco das actuacións de saneamento e abastecemento que a Consellería de Medio Ambiente realiza na comunidade autónoma.

A obra de abastecemento ao polígono industrial de Vilanova de Lourenzá ten un custo total de 215.106 euros, dos cales a Consellería de Medio Ambiente, a través da EPOSH, achegará 149.106 euros; mentres que o IGVS investirá 45.000 euros distribuídos en dúas anualidades de 9.000 euros en 2007 e 36.000 euros no 2008; e o Concello de Lourenzá achegará 21.000 euros.

Para a mellora do abastecemento ao polígono está previsto construír un depósito de formigón de 500 metros cúbicos e unha estación de bombeo, ademais de acometer a canalización eléctrica e a instalación dos tubos de chegada á estación e de impulsión do bombeo ao depósito, así como o tubo de abastecemento. Para mellorar a rede de saneamento instalárase unha fosa séptica cunha capacidade de 33.500 litros, equivalente ao abastecemento duns 200 habitantes.

Segundo establece o convenio de colaboración, a EPOSH encargárase da contratación das obras e o Concello de Lourenzá terá que poñer os terreos á súa disposición para executar o proxecto.



A CONSTRUCCIÓN DUN PUNTO LIMPO NO CONCELLO DA ILLA DE AROUSA TERÁ UN INVESTIMENTO DE 213.243 EUROS

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 213.243 euros nas obras de construción dun punto limpo no concello pontevedrés da Illa de Arousa, despois de que o Consello da Xunta aprobase hoxe o gasto con cargo aos orzamentos do 2007.

O punto limpo situarase na zona das Aceñas e contará cunha superficie de 4.000 metros cadrados. As obras para a súa instalación consistirán na urbanización e axardinamento da zona, adecuación dos accesos, instalacións xerais, recinto para plásticos agrícolas, pechamento do perímetro, instalación dos colectores e sinalización.

Deste xeito, o Concello da Illa de Arousa súmase aos preto de 200 municipios que xa envían os seus residuos á valorización enerxética, mentres que ao redor dunha ducia de concellos galegos apostan na actualidade pola compostaxe.

MEDIO AMBIENTE REALIZARÁ OBRAS DE SANEAMENTO NO CONCELLO DE OROSO POR UN IMPORTE DE MÁIS DE 670.000 EUROS E INVESTIRÁ PRETO DE 160.000 EUROS NA AMPLIACIÓN DO PUNTO LIMPO DE BOIRO

- As obras de saneamento en Oroso (A Coruña) contan cun prazo de execución de oito meses e consistirán na instalación dunha rede de colectores, estacións de bombeo e un sistema de telexestión que permitirá controlar os niveis dos depósitos e caudais
- O Consello da Xunta autorizou hoxe este investimento, así como o da ampliación do punto limpo de Boiro, que permitirá instalar novos colectores para o tratamento de residuos

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible realizará varias actuacións de mellora da rede de saneamento de diferentes núcleos do concello coruñés de Oroso, para as que se destinará un investimento de 670.222 euros, que foi autorizado hoxe polo Consello da Xunta. O proxecto será financiado a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), que realizará unha achega de 400.000 euros con cargo aos orzamentos de 2007 e de 270.222 euros nos de 2008.

As obras realizaranse no prazo de oito meses e permitirán dotar de saneamento de augas residuais os núcleos de Oroso, Deixebre e Trasmonte, o que incorporará á rede de saneamento unha poboación de 1.200 habitantes. O proxecto realizarase mediante a instalación dunha rede que irá ata o entroncamento situado no núcleo de Sigüeiro, que enlaza coa EDAR existente.

As actuacións previstas inclúen a instalación dunha rede de colectores de 13.470 metros de lonxitude e de tres estacións de bombeo cunha potencia de 6,75 kilovatios. Así mesmo, o proxecto prevé a instalación dun sistema de telexestión que permitirá efectuar un control exhaustivo dos niveis dos pozos e depósitos, os caudais e as presións nos tubos en xeral, así como os parámetros eléctricos dos principais equipamentos electromecánicos.

Ampliación punto limpo

Por outra parte, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 159.700 euros nas obras de ampliación do punto limpo do concello coruñés de Boiro, unha vez que o Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto para efectuar esta obra con cargo aos orzamentos do presente ano.

O proxecto de ampliación do punto limpo ten un prazo de execución de dous meses e implicará a instalación de novos colectores para a recolla de plásticos, chatarra,



electrodomésticos e voluminosos que reforcen os xa existentes nas actuais instalacións, así como a ampliación do almacén de residuos especiais, a ampliación da entrada e a instalación da electricidade.

O Concello de Boiro conta desde o ano 2002 cun punto limpo no lugar de Espiñeira, dotado dunha caseta de recepción, unha caseta de residuos especiais e catro colectores de recolla específica; unhas instalacións que quedaron insuficientes dado que os colectores e o almacén non teñen capacidade para recoller a cantidade de residuos que se depositan a diario.

Para realizar as obras de ampliación, o concello puxo á disposición da Consellería de Medio Ambiente unha parcela anexa á actual, cunha superficie de 770 metros cadrados, o que supón que cando rematen as obras o punto limpo pase a contar cunha superficie total de 3.020 metros cadrados.

AS OBRAS DE MELLORA DA DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DE PONTECESURES E A TERCEIRA FASE DE SANEAMENTO EN PONTEAREAS CONTARÁN CUN INVESTIMENTO DE 875.851 EUROS

- A Consellería financiará con 710.673 euros os traballos para dotar da rede de saneamento os núcleos de Xinzo, Areas e Arnosó, no concello de Ponteareas
- O proxecto de melloras na estación depuradora de Pontecesures (EDAR), que conta cun prazo de execución de tres meses, suporá un investimento de 165.178 euros

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 875.851 euros nas obras de ampliación da EDAR de Pontecesures e na terceira fase do saneamento de Ponteareas, na provincia de Pontevedra. O Consello da Xunta autorizou hoxe os acordos de colaboración técnica e financeira polos que se realizarán ambos os proxectos.

As actuacións previstas no concello de Ponteareas corresponden á terceira fase das obras de saneamento, na que a Consellería de Medio Ambiente investirá 710.673 euros. O proxecto será financiado en dúas anualidades; a primeira de 310.673 euros con cargo aos orzamentos do presente ano, e a segunda de 400.000 euros que se incluírá nos orzamentos de 2008.

A terceira fase de saneamento en Ponteareas permitirá canalizar as augas residuais das poboacións de Xinzo, Areas e Arnosó mediante unha rede de colectores que recollen as augas dos núcleos máis dispersos para incorporalas ao colector interceptor construído na primeira fase das obras de saneamento ou ben á rede primaria que se instalou na segunda fase.

O proxecto, que conta cun prazo de execución de dez meses, consistirá na instalación dunha rede de colectores de 24 ramais, cunha lonxitude total de 8.094 metros en PVC de 315 milímetros de diámetro. As obras complétanse coa construción dos pozos de rexistro e a reposición do pavimento afectado.

EDAR Pontecesures

A Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH) tamén acometerá as obras de mellora na EDAR de Pontecesures, cun investimento de 165.178 euros, que será financiado na súa totalidade polo departamento autonómico.



O prazo para realizar as obras é de tres meses e estas teñen como obxectivo emendar as deficiencias que presenta a EDAR, que está en funcionamento dende o ano 1994. Os traballos consistirán na revisión do centro de transformación e da instalación de alta tensión, instalación da batería de condensadores, substitución dos elementos danados, instalación dun caudalímetro, un medidor de osíxeno, bombas dosificadoras e de recirculación de lodos, revisión de filtros e a impermeabilización e mellora dos bombeos da Calera e de Telleira, entre outros.



A XUNTA CONCEDEU, NO SEGUNDO SEMESTRE DE 2006, AXUDAS ÁS UNIVERSIDADES GALEGAS, FÓRA DO PLAN DE FINANCIAMENTO, POR VALOR DE MÁIS DE 24 MILLÓNS DE EUROS

- A Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia emitiu neste período un total de 179 informes sobre achegas económicas e infraestruturas das distintas consellerías
- Como consecuencia dos convenios asinados no segundo semestre de 2006, as universidades galegas recibiron, fóra do Plan de financiamento, un total de 24.431.938,14 euros nestes seis meses de 2006
- Así mesmo, durante este período, asináronse acordos por máis de 14 millóns de euros que se distribuirán en 2007, 2008 e 2009

A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, informou o Goberno galego de que a Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG) emitiu, no segundo semestre de 2006, un total de 179 informes sobre achegas económicas e infraestruturas das distintas consellerías da Xunta de Galicia ás tres universidades e ás fundacións dependentes destes centros de ensino superior. En total, o investimento destes acordos ascende a 39.194.635,68 euros, repartidos en varias anualidades.

Destes convenios, 56 foron asinados para a realización de traballos técnicos; 38 para a realización de cursos, másters e congresos impartidos por universidades galegas; 1 para subvencionar o financiamento de centros universitarios; 6 para bolsas destinadas ao alumnado universitario; 11 para colaborar en programas comunitarios; e 3 para financiar investimentos nas universidades galegas. Ademais, 61 correspóndense con I+ D+i; e 3 con proxectos de investigación.

Como consecuencia dos convenios asinados no 2º semestre de 2006 coas distintas consellerías, as universidades galegas recibiron, fóra do Plan de financiamento, un total de 24.431.938,14 euros nestes seis meses de 2006. Deste total, 12.575.529,58 destínanse á Universidade de Santiago de Compostela (USC); 5.973.165,10 á Universidade da Coruña (UDC); 5.508.746,57 á Universidade de Vigo (Uvigo) e 374.496,89 á Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA). Os acordos asinados recollen tamén investimentos nas anualidades 2007, 2008 e 2009.

O informe lembra que en novembro de 2004 se ratificou o actual Plan de Financiamento do SUG para o período comprendido entre 2005 e 2010. No marco desta planificación, as tres universidades galegas recibiron en 2005 un total de 264.994.734 euros e, en 2006, 288.863.287 euros. Ademais, obtiveron 2.353.000



euros como consecuencia da posta en marcha do complemento retributivo autonómico de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DO CENTENARIO DO HIMNO GALEGO

Neste 2007 cúmprense cen anos da primeira interpretación pública do himno galego, aniversario este que ten que ser aproveitado polas institucións galegas e, fundamentalmente pola Xunta de Galicia, para difundir, promover o coñecemento e conmemorar un dos símbolos oficiais de Galicia. O concerto celebrado no Gran Teatro da Cidade de La Habana o 20 de decembro de 1907, nunha gala de homenaxe a Pascual Veiga, o autor da partitura, é considerado tradicionalmente como o punto de partida para que o poema musicado de Eduardo Pondal se converta na máis solemne simbolización musical da personalidade histórica, política e cultural de Galicia.

Nace o Himno Galego alén mar, como a bandeira e como tantas e tantas iniciativas que foron impulsadas pola conciencia patriótica dos galegos e galegas que tiveron que marchar do país pola emigración ou, posteriormente, polo exilio. Orixe que comparte, por exemplo, coa propia Academia Galega, que acaba de cumprir tamén o seu centenario e da que foi impulsor Xosé Fontenla Leal, promotor, entre outros, da conversión en Himno Galego da composición de Veiga sobre o poema Os Pinos de Pondal.

De xeito oficial, o himno convértese, xunto coa bandeira e o escudo, en símbolo oficial de Galicia na Lei de Símbolos promulgada en 1984. Non era máis que un paso para formalizar o recoñecemento que conseguira da sociedade galega. A composición de Pondal e Veiga convertérase nunha canción identificativa dunha conciencia nacional. O himno estaba sempre presente nos actos populares e tamén nos actos reivindicativos actuando como nexo de identidade e proxecto común.

A Xunta de Galicia promoverá e organizará actuacións acordes coa relevancia deste aniversario, conducentes, entre outras cousas, a investigar e promover a súa composición musical e poética máis emblemática. Animará así mesmo a entidades culturais, centros escolares, partidos políticos, centrais sindicais, asociacións empresariais e agrupacións cidadás de toda clase a que contribúan a esta celebración cívica mediante a programación de actividades de recoñecemento da historia e da relevancia do himno galego no seu primeiro centenario.



DECLARACIÓN DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DO ACCIDENTE DE VALGA

O Goberno de Galicia manifesta o seu pesar polo falecemento de tres persoas no accidente ferroviario ocorrido no día de onte no concello pontevedrés de Valga. O Goberno expresa o seu sentimento de condolencia, que comparte con toda a cidadanía do país, polo trágico suceso, transmitindo ás familias, achegados e veciños dos falecidos a súa solidariedade nestes momentos de intensa dor.

Ao tempo, a Xunta de Galicia demanda ao Ministerio de Fomento, que abra a investigación necesaria para determinar as causas do accidente, depure responsabilidades, no caso de existiren, e tome as medidas adecuadas para que esta situación non se volva repetir.



LUIS RODRÍGUEZ EDROSA, NOVO DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA EN LUGO

Luis Rodríguez Edrosa foi nomeado hoxe polo Consello da Xunta delegado provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en Lugo, en substitución de Begoña Santos Fernández, recentemente nomeada directora xeral de Xustiza.

Nacido na Pastoriza en 1956, Rodríguez Edrosa vén do mundo da docencia. Desde o ano 1979 é diplomado universitario pola Universidade de Santiago de Compostela en profesorado de Educación Xeral Básica (EXB); e así mesmo ten estudos de Dereito e Pedagogía pola Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED). Complementou a súa formación a medio da asistencia a cursos sobre diversas materias organizados polas distintas administracións, e impartiu cursos de lingua galega –tanto de iniciación coma de perfeccionamento- a diversos colectivos de Lugo.

No eido laboral, comezou a súa carreira profesional como profesor interino contratado no Colexio Público As Mercedes, de Lugo, no que impartiu docencia entre 1983 e 1986. Dende esa data, e tras aprobar a correspondente oposición, impartiu clases en diversos centros educativos da provincia de Lugo (Castro de Rei, A Pontenova, Xove, Antas de Ulla, Lugo, etc).

En 1999 Luis Rodríguez Edrosa obtén o seu destino definitivo no CEIP de Meira, centro no que permanece ata este ano. En 2002 presenta a súa candidatura á dirección deste colexio, posto para o que resulta elixido por unanimidade do Consello Escolar e no que continúa ata a actualidade.